

ANO DE AÑÓN

Van cobrando forma as propostas realizadas ao comenzo de ano pola nosa Asociación, o Concello e as diversas entidades culturais e educativas de Outes para a conmemoración do Bicentenario de Francisco Añón e así, o coordinador do Ano de Añón e presidente da A.C.C. Terra de Outes, Xoán X. Mariño, expuxo en rolda de prensa, celebrada no salón de plenos da casa consistorial o pasado 14 de maio, a serie de actividades xa concretadas para levar adiante a celebración con toda a dignidade que se merece o noso poeta. Estas son:

1. Edición de libros:

- *Biografía e antoloxía de Francisco Añón*, da editorial Galaxia, por Ramón Blanco.
- *Poesías galegas de Francisco Añón*, editado pola Deputación da Coruña (reedición do publicado pola Real Academia Galega con ocasión da dedicatoria do Día das Letras Galegas do ano 1966 a Añón).

2. Documental *Francisco Añón. O poeta na súa terra*, a cargo de Óscar Sendón e Juan Silva.
3. Edición dunha páxina Web adicada ao bicentenario do poeta, que se presentará en xullo.
4. Gravación discográfica con poemas de Añón musicados por:
 - O Director da coral de Outes, Domingos Barreiros.
 - O Director da banda municipal, Manuel Blanco.
 - O Cantautor X. Manuel Vázquez, *Xastre*.
5. Unha exposición sobre o noso escritor elaborada por Santi Nieto e Ramón Blanco.
6. Concerto das corais de Outes, a banda municipal, Xastre e algúns outros intérpretes por confirmar.
7. Teatro, representado polo grupo dramático da A. C. *Sueiro* de "O borracho e o eco".
8. Recitais dos poemas de Añón a cargo dos escolares outenses.
9. Certame de pintura escolar sobre a figura do noso insigne escritor.
10. Realización dun retrato do poeta polo recoñecido artista Alfonso Costa.
11. Curso de verán, os días 20 a 22 de xullo, con conferencias, roteiros literarios, contacontos e *performances*.
12. Congreso, na Cidade da Cultura de Santiago, os días 4 e 5 de outubro, coa colaboración da Consellería de Educación e Cultura, e participación de destacados investigadores e profesores das tres universidades galegas.
13. Xornadas conmemorativas, os días 6 e 7 de outubro na Casa da Cultura da Serra, nas que se presentarán públicamente:
 - Os libros, o documental, o retrato e a gravación musical anteditos.
 - Un número extraordinario da revista *Terra de Outes*, adicado integramente a Añón.
 - A exposición de pinturas realizadas polos escolares de Outes
14. Acto solemne, o 9 de outubro, día do 200 aniversario do nacemento de F. Añón, para clausurar os actos do bicentenario, coa presenza do Presidente da Xunta de Galicia ou o conselleiro de Educación e Cultura, na súa representación, o Presidente da Deputación da Coruña e o Presidente da Real Academia Galega.